

Técnicas de análise multispectral no arte rupestre levantino

José Manuel Pereira Uzal, info@jpereira.net, 13 de xulio do 2015


Obxectivos

- 1 Afondar na relevancia de certas bandas do espectro visible e non visible na documentación de motivos pictóricos de difícil apreciación.
- 2 Avanzar na recollida de informacións relativas ao soporte e estado de conservación.
- 3 Revisar a posible identificación de axentes e factores de alteración tales como biodeterioro ou fontes de auga mediante técnicas multispectrais.
- 4 Propoñer fluxos de traballo sistemáticos que nos axuden a obter resultados consistentes e reproducibles.



Metodoloxía

- ↓ Captura das bandas relevantes a estudar: Azul, Verde, Vermello e Infravermello Cercano
- ↓ Normalización da información obtida: corrección da caída da luz, nivel de exposición de cada banda, eliminación de ruído ou unión de mosaicos de imaxes
- ↓ "Rexistro" da pila de bandas co fin de que cada banda este ocupando o mesmo encadre preciso que a súa predecesora co fin de poder estudar en conxunto todas as bandas sen perder detalle.
- ↓ Determinación dos Principais Componentes da imaxe para compactar as 4 bandas en tres
- ↓ Mellora dos compoñentes máis relevantes obtidos no paso anterior por eualización do histograma ou stretching do histograma.
- ↓ Interpretación da información contida nas bandas capturadas a través da mellora da nosa imaxe descrita no espazo de cor HSB a través dos Compoñentes Principais.



Conclusións

- 1 Mellora da visibilidade en motivos de difícil lexibilidade a causa de depósitos inorgánicos tales como oxalatos ou carbonatos.
- 2 A documentación e dixitalización de Bens Culturais máis alá do tradicional modelo RGB achéganos non só información colortimétrica e xeométrica dun obxecto senón que nos achega información exhaustiva do comportamento de compostos, evolución, ou interacción destes co medio a través da súa radiancia.
- 3 Posibilidade de caracterizar o comportamento de compostos en función da súa radiancia fronte á súa posible detección e clasificación co fin de mellorar a comprensión sobre a obra ou realizar estudos de diagnose.

